



ROGO PARA A COLOCACIÓN DE MENSAXES DE CEDA O PASO NA TRASEIRA DOS AUTOBUSES URBANOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A promoción e potenciación do transporte colectivo debe ser unha prioridade permanente para a Administración local, polas repercusión que o seu uso ten para desconxestionar o centro urbano, gañar espazos para as persoas e contribuír á redución das emisións de gases causantes do efecto invernadoiro. Unha das vías para avanzar nesa promoción entre a cidadanía é a de lograr cada paso maiores cotas de rapidez e puntualidade nas viaxes entre as distintas paradas, unha cuestión que con frecuencia se ve complicada pola actitude de certos condutores.

O artigo 73 do Regulamento Xeral de Circulación (Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro), determina as pautas de actuación dos demais condutores para a incorporación dos vehículos cando sinala que *“facilitarán, na medida do posible, a dita manobra, especialmente se se trata dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros que pretende incorporarse á circulación desde unha parada sinalizada”*. Engadindo que *“nos poboados, co fin de facilitar a circulación dos vehículos de transporte colectivo de viaxeiros, os condutores dos demais vehículos deberán desprazarse lateralmente, sempre que fora posible, ou reducir a súa velocidade, dando cumprimento ao disposto no artigo 53, chegando a deterse, se fora preciso, para que os vehículos de transporte colectivo poidan efectuar a manobra necesaria para proseguir a súa marcha á saída das paradas sinalizadas como tales.”*

Houbo un tempo no que na parte de atrás dalgúns autobuses do transporte público de Santiago se colocaron uns carteis –quizais de escasas dimensións- agradecendo as facilidades para a incorporación destes vehículos, unha medida que na actualidade non estamos a observar. Este tipo de mensaxes facilitan o emprego das paradas, aproximando o autobús á beirarrúa, o que supón unha mellora para a mobilidade e a accesibilidades das persoas usuarias.


Tendo en conta estas consideracións, desde o Grupo Municipal do Partido Popular formulamos o seguinte rogo:



Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se fagan as xestión necesarias para a proceder á paulatina colocación de carteis facilmente visibles nas traseiras dos autobuses urbanos nos que, mencionando a normativa, se reclame a colaboración das persoas condutoras para facilitar a incorporación á calzada dos vehículos de transporte público desde as paradas.

Santiago de Compostela, a 7 de marzo de 2017.

Alejandro S Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular



ANEXO FOTOGRAFICO



Bus urbano de Santiago con pequeno cartel de ceda ao paso na traseira



Modelo de cartel nun autobús municipal en Euskadi

